



Excmo. Concello de Tui

# FESTA DO MIÑO 2016

## Bases de Participación VI Festa Gastronómica e de Información

Sábado 13 de agosto de 2016 de 20:00h a 00:00h – Rúa Lugo



<b>PRIMEIRA</b>	<b>ORGANIZACIÓN</b>
<p>O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Ensino e Cultura, organiza a VI Festa Gastronómica, que se realizará dentro do marco de actividades da Festa do Miño 2016 na Cidade de Tui, co obxectivo de regular e crear un marco legal para a celebración desta Festa Gastronómica, xa tradicional e con éxito de participación en edicións anteriores, coa convocatoria de 10 postos dobres de venda directa para a promoción do produto natural, autóctono e artesá; así como a dinamización do día da Festa do Miño no centro da cidade e Centro Comercial Aberto.</p> <p>A organización comunica a cada asociación participante que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Facilitará o seguinte material de produción: 2 postos de venda, 2 taboleiros + 6 cabaletes(para degustación do produto enfronte os postos), 2 contedores de lixo(un intern, pequeno e outro externo, grande), 2 toma de corrente de 2.500w, 2 toma de auga para todos en conxunto, así como 4 manteis. <ul style="list-style-type: none"> <li>o O inicio da montaxe será a partires das 11:00h e a recollida de 00:00h a 01:00h, coa colaboración de dúas persoas por cada asociación.</li> <li>o Os participantes accederán a Rúa Lugo cun vehículo ata ás 17:30h, e terán reservado estacionamento para dous vehículos na rúa Mondoñedo(pase acreditado).</li> </ul> </li> <li>- Non dotará aos postos de infraestrutura en caso de inclemencias meteorolóxicas adversas.</li> <li>- Editará publicidade precisa da feira para a difusión e promoción da mesma.</li> <li>- Correspóndelle ó Concello a designación da situación dos postos no Rúa Lugo.</li> <li>- Non se responsabilizará das modificacións que poidan producirse por causas alleas ou de forza maior na celebración desta festa.</li> <li>- Declina nos participantes calquera responsabilidade sobre a calidade, composición e elaboración ou prezo dos produtos á venda.</li> <li>- Non permitirá a venda ambulante no recinto ou asentamento de calquera tipo de posto non autorizado.</li> </ul>	
<b>SEGUNDA</b>	<b>DATA, HORARIO E EMPRAZAMENTO</b>
<p>A Feira Gastronómica celebrarase o sábado 13 de agosto, en horario de 20:00h a 00:00h, na Rúa Lugo.</p>	
<b>TERCEIRA</b>	<b>NORMATIVA SANITARIA</b>
<p>As persoas que manipulan alimentos, ademais dun vestiario adecuado e en perfectas condicións hixiénicas, deberán levar o pelo atado e a cabeza cuberta cun gorro ou complemento similar.</p> <p>Tódolos vendedores de alimentos deberán estar en posesión do Carné de Manipulador de Alimentos.</p> <p>Non está permitido que o persoal que se encargue dos cobros manipule tamén os alimentos.</p> <p>Queda terminantemente prohibida a venda de alcohol a menores de idade, sendo responsabilidade única e exclusiva do participante cumprir esta condición.</p> <p>Os produtos á venda deberán ser naturais, autóctonos e elaborados artesanalmente. As tortillas, empanadas, ..., deberán estar moi feitas, e facelas o mesmo día. Os doces deberán facerse a última hora antes da venda.</p> <p>Os produtos que se usen en calquera das comidas, deberán ser mercados en establecementos autorizados, garantindo a calidade e hixiene.</p> <p>Os produtos alimenticios expostos, deberán estar en recipientes apropiados. Colocaranse carteis ben visibles que indiquen que non se poden tocar os alimentos.</p> <p>Deben vixiarse os alimentos que precisen ser servidos en frío evitando todos os riscos para a saúde.</p> <p>Toda bebida deberá ser etiquetada. Permitirase a venda de auga, refrescos, cervexa e viño.</p> <p>Todos os artigos, aparellos e equipamentos deben ser mantidos limpos e en bo estado de conservación.</p>	
<b>CUARTA</b>	<b>POSTOS</b>
<p>Fóra dos postos non se permitirá almacenar caixas ou vultos. Non se poderá aumentar a superficie de venda do posto con mesas ou plataformas adicionais.</p> <p>Todos os carteis informativos, de prezos e rótulos estarán redactados en galego. Na fronte do posto colocaranse dous carteis co nome da asociación e parroquia representada, se fose o caso.</p> <p>A listaxe de prezos deberá estar á vista, e non se poderá alterar no transcurso da celebración.</p> <p>Todo posto deberá permanecer aberto durante o horario de celebración da feira.</p> <p>Cada participante é responsable da limpeza e da seguridade interna do seu posto. Non se pode deixar lixo no lugar que ocuparon. Deberase deixar no mesmo estado de limpeza no que se atopaba previo á montaxe. Os postos terán que cubrir o chan para evitar manchas de graxa, aceites ou similares.</p> <p>Cada participante deberá obrigatoriamente ter dúas persoas encargadas da limpeza dos taboleiros de degustación situados en fronte o seu posto, así como do espazo de uso frontal de usuarios.</p> <p>Prohibición de facer lume en todo o emprazamento da feira. Obriga de contar cun extintor de 6 kg por participante.</p> <p>Prohibición de aparatos de reprodutores de música, altofalantes, ou calquera aquel que emita son de animación</p>	
<b>QUINTA</b>	<b>PARTICIPACIÓN</b>
<p>Existe un límite de participación, e só poderán optar a participar 10 asociacións culturais do municipio de Tui, e inscritas no rexistro municipal de asociacións.</p>	
<b>SEXTA</b>	<b>TAXAS</b>
<p>Previamente as asociacións solicitantes deberán aboar as correspondentes taxas no departamento de Tesourería, segundo a "Ordenanza por ocupación de postos situados en terreos de uso público local", que no punto 1.1, di que por ocupación con postos de venda ambulante en zonas de dominio público, esixíranse 1,49 € por metro cadrado, valorando a organización que a ocupación por participante será de 10m<sup>2</sup>, a taxa correspondente será de 14,90 € por participante.</p>	
<b>SÉTIMA</b>	<b>INSCRICIÓN</b>
<p>O prazo de inscrición será o xoves 4 e venres 5 de agosto no dpto. de secretaría, por rexistro de entrada, en horario de 09:00h a 14:00h, en modelo normalizado.</p> <p>No momento de formalizar a inscrición é obrigatorio, a presentación da seguinte documentación, senón non será admitida a solicitude:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Copia do C.I.F da asociación participante.</li> <li>- Copia do nomeamento da xunta directiva no libro de actas da asociación.</li> <li>- Copia do D.N.I do presidente da asociación.</li> <li>- Copia dos diplomas ou certificados de manipuladores de alimentos por cada membro participante de cada asociación.</li> <li>- Carta de produtos a venda e prezos dos mesmos.</li> </ul>	
<b>OITAVA</b>	<b>COMUNICACIÓN</b>
<p>Estas Bases serán publicadas o luns 1 de agosto de 2016, na páxina web <a href="http://www.concelltui.org">www.concelltui.org</a>, así como serán difundidas a través da Radio Municipal de Tui e nos diferentes medios de comunicación, e estarán a disposición da cidadanía no taboleiro de información no Concello de Tui e no Departamento de Cultura, así como o modelo de inscrición normalizado para este fin.</p>	